


PROPOSTA PEDAGÓXICA

Instrumentos do Pórtico do Paraíso da Catedral de Ourense



Instrumentos do Pórtico do Paraíso da Catedral de Ourense

OBRADOIRO DE INSTRUMENTOS DEPUTACIÓN OURENSE

Coordinación: Manuel Braña

Texto: Celia Fernández Castaño

Fotografías: Lucía Rodríguez Pereira

S e r i e



Dirección **Mariló e Xulio Fernández Senra**

Secretaría **Fco. Xavier Álvarez Campos**

Coordina **Centro Cultura Popular
"Xaquín Lorenzo Fernández"**



Edita

RAIGAME

Aptdo. 484

Tlf. e Fax 988 249493

32080 - Ourense

ccpraigamepublicacions@depourense.es

www.depourense.es

Tódolos dereitos de reprodución, adaptación, tradución ou representación dos textos, ilustracións e fotografías están reservados, e só poderán ser exercidos por terceiros previa solicitude e correspondente permiso dos editores ou dos autores.

Texto © Celia Fernández Castaño

Debuxos © Lucía Rodríguez Pereira

Deseño e Maquetación **Xosé Lois Vázquez & Nicole Carpentier, S.C.**


Impresión **Imprenta da Deputación de Ourense**

Dep. Legal **OU**

ISBN



VIOLAS OVAIS



Son instrumentos de corda, fretada con arco. Como o seu nome indica teñen forma oval, unha das primeiras formas que aparece no conxunto de instrumentos medievais europeos que se mantén ata comezos do século XV.

En Ourense atopamos cinco instrumentos deste tipo con algunha diferenza entre eles. Este importante número de representacións indica a popularidade que tiña naquela época este instrumento.

a) Características descritivas

O número de cordas varia entre 3 e 5 cordas.

3 cordas: ancián 10.

5 cordas: anciáns 1, 7, 9 e 24.

Só aparece arco na viola que sostén o ancián 7.

Caixa harmónica

A caixa harmónica ten dúas tapas lixeiramente curvadas cara ó exterior do instrumento. Os laterais ou arcos consisten nunha única peza, que se continúa co mastro e caravilleiro. En todos os instrumentos teñen forma plana, a excepción da viola que sostén o ancián nº 9, onde aparecen unhas curvaturas a ámbolos lados dun saínte central.

Buratos sonoros:

Cada instrumento ten 2, 4 ou 6 buratos sonoros, colocados a ámbolos lados do eixo lonxitudinal do instrumento.

2 buratos: anciáns 1, 9 e 24.

4 buratos: ancián 10.

6 buratos: ancián 7.



PROPOSTA PEDAGÓGICA

A forma destes buratos é moi variada con predominio de dous tipos: forma en “C” e forma en “D”.

Os mastros:

Os mastros están representados na pedra con bastante desproporción respecto a caixa harmónica, pois teñen case todos un grosor maior e unha lonxitude máis pequena do que correspondería. Sen embargo, a viola que sostén o ancián 24 ten un mastro un pouco máis longo.

Tódolos mastros sobresaen da caixa harmónica, é dicir, que quedan a maior altura, excepto o da viola que sostén o ancián 1, que está situado ó mesmo nivel.

Os caravilleiros:

Hai 3 tipos de caravilleiros:

- Forma semiovalada nos anciáns 7, 10 e 24.
- Forma en abelá no ancián 1.
- Forma semiesférica no ancián 9.

As caravillas -unha por cada corda- están inseridas no caravilleiro.

Hainas de dous tipos:

- Forma cúbica: anciáns 7 e 10.
- Forma esférica: anciáns 1, 9 e 24.

Os cordames:

Os cordames están todos tallados con motivos ornamentais distintos, tamén os cinco teñen formas diferentes. Suxéitanse ó extremo inferior por unha pequena corda que se amarra a un saínte do lateral no que se fixeron dous buratos para meter a corda por eles.


b) Construción

As violas construíronse en madeira de pradairo, nogueira. Tileiro. As tapas son de piñeiro abeto. Estas madeiras son moi axeitadas para a construción deste tipo de instrumentos pola súa sonoridade final acadada.

A técnica empregada para a construción foi o serrado. O caravilleiro, o mastro e os aros son feitos dunha mesma peza. As tapas van pegadas ós laterais.



FRAUTAS



A frauta é o único instrumento de vento que se encontra no Pórtico. É un instrumento de uso moi frecuente na época prerrománica e románica. As dúas frautas que aparecen no Pórtico só se diferencian

na lonxitude -unha é máis pequena cá outra-. Teñen tres buratos, parecidas ós “chistus” vascos e ás frautas de tres buratos que atopamos na provincia de Zamora.



a) Características descritivas

Nestas frautas podemos distinguir as seguintes partes:

- **Boquilla:** parte superior da frauta que se coloca na boca. Consta de embocadura, tapón, canal de insuflación do aire e empena ou bisel. Vai dentro da embocadura da boquilla e axuda a delimitar o canal condutor do aire.

- **Corpo da frauta:** é o verdadeiro tubo sonoro do instrumento. Na parte final do tubo van situados os tres buratos sonoros. Tamén se observan no corpo da frauta catro aros ou aneis, que ademais de protexer o instrumento serven para adornalo.


- **Buratos sonoros:** son os que modifican a columna do aire, e polo tanto dannos a agudeza ou gravidade do son. Cada frauta ten dous na parte anterior e o outro que vai colocado na parte posterior, máis arriba cós anteriores.

b) Construción:

As dúas frautas están construídas con madeira de buxo. Cada unha delas faise dun único bloque de madeira perforado por dentro e torneado por fóra coa forma adecuada. Na parte superior da boquilla leva pegado o tapón. Ó final da embocadura fáiselle un burato rectangular (bisel ou empena) para cortar o aire.



HARPA SALTERIO



É un instrumento de corda pulsada. Chámase así porque pola súa forma triangular semellante a dun salterio aínda que neste caso as cordas van colocadas por os dous lados. Nas esculturas confúndese a miúdo cunha arpa pola forma de ser sostida para tocala.

Debeu ser moi popular na España medieval pola frecuencia con que aparece nas esculturas e nas

ilustracións máis antigas que representan músicos con este instrumento. Desaparecendo a finais do século XIV.

Aínda que na escultura non se ve claramente, a harpa-salterio ten unha caixa de resonancia debaixo das cordas. Isto pódese observar perfectamente nas ilustracións das que dispomos.



PROPOSTA PEDAGÓXICA

En Ourense atopamos dúas harpas-salterio diferentes, tanto pola forma como polo número de cordas.

a) Características descritivas

Aínda que na pedra ámbalas dúas harpas-salterio teñen sete cordas, non teñen o mesmo número de caravillas. Isto parece que foi unha adaptación do escultor á pedra, pois tendo en conta que a caravilla serve para tensa-la corda, suponse que onde hai unha caravilla ten que haber unha corda.

Do dito anteriormente dedúcese que as harpas-salterio de Ourense teñen 11 ou 12 caravillas (polo tanto 11 ou 12 cordas).

11 caravillas: ancián nº 4.

12 caravillas: ancián nº 13.

- **Caravilleiro:** é unha peza de madeira maciza, vai colocada na parte superior do instrumento, ten

maior anchura cá caixa harmónica sobresaíndo desta por ámbolos dous extremos. As caravillas van inseridas na parte superior desta peza.

- **Caixa harmónica:** ten forma triangular e as tapas son planas. Vai incrustada polo lado superior no caravilleiro e por ámbolos lados laterais no cordal.

- **Cordame:** é un dos aparellos laterais onde van atadas as cordas, de aí o seu nome. Ten a mesma anchura có caravilleiro e por iso tamén sobresaí da caixa harmónica polos dous extremos.

b) Construción

Para construíla harpa-salterio que sostén o ancián nº 13 empregouse madeira de piñeiro-abeto. Para os bordes da caixa de resonancia madeira de nogueira. A harpa-salterio que sostén o ancián nº 4 está construída en madeira de nogueira.



VIOLAS EN OITO





Como acontece coas violas ovais, as violas en oito son instrumentos de corda fretada con arco. A representación destes instrumentos nos diferentes pórticos españois é pouco frecuente. Caeu en desuso polo ano 1200.

A forma en oito destas violas débese a que o seu corpo está formado por dous círculos unidos. No punto de unión hai dúas pequenas pezas de madeira que serven como reforzo. Esta forma é moi abundante nos instrumentos de corda medievais como é o caso do *organistrum*.

No Pórtico de Ourense hai representadas catro violas deste tipo (anciáns 5, 14, 16 e 19).

a) Características descritivas:

Teñen 3 ou 4 cordas.

3 cordas: ancián 16.

4 cordas: anciáns 5, 14 e 19.

Só aparece arco na viola que sostén o ancián 14.

Caixa acústica:

Como xa se dixo anteriormente está formada por dous círculos unidos que lle dan a forma de oito. As cuñas que unen os círculos teñen forma totalmente plana na parte exterior, dando sensación de que os círculos están separados claramente excepto na viola que sostén o ancián 19 na que as cuñas se curvan cara dentro dando a impresión de continuidade entre ámbolos dous círculos.

Os buratos sonoros:

En tres destes instrumentos os buratos son iguais en número e a forma (anciáns 5, 14 e 19), tendo todos eles 4 buratos en forma de “c” ou “d”. A viola que sostén o ancián 16 ten 8 buratos simétricos a cada lado de eixo lonxitudinal con formas totalmente distintas ás anteriores e mesmo entre eles. Catro teñen forma circular, tres forma rectangular e un ten forma de cruz.

Mastros e caravilleiros:

Os mastros son curtos e gordos con relación á caixa harmónica, igual que ocurría coas violas ovais. O mastro da viola que sostén o ancián 19 queda ó mesmo nivel que as tapas da caixa harmónica. Nas outras violas, os mastros sobresaen claramente por

encima da caixa sonora, prolongándose o seu extremo sobre a superficie das tapas, cunha excepción na viola que sostén o ancián 5 onde este extremo aparece recortado e non se prolonga máis alá do punto de unión entre os laterais e o mastro.

Os caravilleiros teñen formas diferentes con predominio das formas poliédricas cun vértice situado na parte superior. Esta forma supónselle á viola que sostén o ancián 19 pois na escultura obsérvase que hai un anaco de pedra desprendido que afecta precisamente a esta parte do instrumento. A viola que corresponde ó ancián 5 ten un caravilleiro con forma de abelá.

Obsérvanse dous tipos diferentes:

- Forma circular nos anciáns 5 e 19.
- Forma cúbica nos anciáns 14 e 16.


O cordame


Os cordames das catro violas caracterízanse por unha gran diversidade de formas, tamaños. Mesmo os motivos ornamentais son diferentes en todas elas. Sobresae sobre todo o cordame que sostén o ancián 16 pola súa forma pouco común neste tipo de instrumentos. Ten os seus extremos laterais curvados cara a dentro en forma de media lúa enfrontados entre si. Os extremos superior e inferior son planos e por arriba aparecen tres rebordos resaltados por uns canais que tamén teñen forma de media lúa.

b) Construción

Empregáronse para a construción destes instrumentos varios tipos de madeiras: nogueira, pradio e cerdeira. As tapas da caixa fixéronse en madeira de piñeiro-abeto. Ó contrario do que ocurría coas violas ovais, onde o mastro e os laterais eran continuos por estar formados dunha soa peza, aquí o mastro está fixado ó extremo superior da caixa. Os aros ou laterais están formados por catro partes en forma de “c” que se unen a unhas cuñas ou tacos polos extremos, quedando a forma de oito característica. Para darlle ós laterais esa forma de “c” empregouse unha técnica que lle poderíamos chamar dobrado ou forzado, consistente en collelas catro láminas de madeira eilas curvando ou dobrando, ata que adquiren a forma desexada en “c”.









PROPOSTA PEDAGÓXICA



SALTERIOS



Son instrumentos de corda pulsada con plectro. Aparecen a miúdo citados nos textos medievais e tamén se atopamos facilmente representacións. Todo isto indica a popularidade do instrumento que ademais tivo moita aceptación no decurso de moitos anos.

Os salterios de Ourense teñen forma triangular, aínda que esta non é a única forma presente nas representacións deste instrumento que se poden atopar ó longo da xeografía española. Pódense atopar facilmente representacións con formas rectangulares, con curvaturas asimétricas, etc.

Ourense conta con tres representacións deste instrumento. Están sostidos por anciáns en posición vertical como se se tratase dunha harpa. O lado máis pequeno do triángulo queda xusto na parte superior e un dos vértices no extremo inferior.

a) Características descritivas

Teñen 10 ou 14 cordas:

- 10 cordas os anciáns 6 e 8.
- 14 cordas o ancián 15.

Polo xeito de ser sostidos, pódese observar a diferente colocación das cordas. Os salterios dos anciáns 6 e 8 as cordas van colocadas paralelamente ó lado superior do triángulo e discorren ó longo do instrumento ata o extremo inferior que coincide cun dos vértices, onde teñen unha longura menor. Esta diferenza de lonxitude nas cordas propicia que as máis agudas teñan case o mesmo grosor cás máis graves.

Sen embargo as cordas do salterio do ancián 15 teñen unha colocación totalmente diferente. A súa dirección vai desde o lado superior a un dos outros lados, quedando situadas diagonalmente respecto do corpo do instrumentista. O estreitamento prodúcese nun dos ángulos superiores e non no extremo inferior como ocorrería cos anteriores salterios.

Os plectros só aparecen nas representacións dos anciáns 6 e 8.



Caixa harmónica:

É unha simple caixa triangular de tapas planas. Na escultura non se observan os buratos sonoros.

O caravilleiro:


Ten maior grosor cá caixa. Sobresae desta pola parte anterior do instrumento. O caravilleiro do ancián 15 está situado no lado superior. As caravillas saen frontalmente desta peza. Nos outros dous anciáns (6 e 8) o caravilleiro vai situado nun dos lados coas caravillas colocadas na súa parte superior.

O cordame:

Vai situado nun dos lados do instrumento. Ten o mesmo grosor co caravilleiro, de aí que tamén sobresaia da caixa pola parte anterior.

b) Construción

Construíronse en madeira de nogueira a excepción das tapas que nas que se utilizou piñeiro-abeto. Os lados están feitos de tres listóns de madeira encaixados nas esquinas. O fondo é plano e vai pegado ós laterais. Para completar a caixa harmónica colócase a tapa de arriba a un nivel máis baixo cos laterais.



De tódolos instrumentos esculpidos no Pórtico, o *organistrum* foi o que máis nos impresionou, tanto polo seu tamaño como pola asombrosa ornamentación que posúe, se a todo isto engadimos a necesidade de dous anciáns para o seu manexo, queda un conxunto verdadeiramente espectacular.

É un instrumento de corda fretada por unha roda untada con resina. Aparece nos pórticos españois e europeos polo século XII. Como novidade aparece unha roda que substitúe o arco ou o plectro, esta

roda faise xirar coa axuda dun manubrio situado no extremo inferior do instrumento. Ten un longo mastro provisto de teclas. Como xa se comentou o seu gran tamaño crea a necesidade de dúas persoas para tocalo. Esta circunstancia propiciou a súa desaparición e paulatina substitución pola zanfona.

A súa orixe é incerta, pero crese que foron os peregrinos os que o trouxeron a Galicia. En Ourense hai unha soa representación deste instrumento. Está sostido polos anciáns 11 e 12 que están situados na



PROPOSTA PEDAGÓXICA

parte superior do Pórtico, lixeiramente desprazados á esquerda.

De tódolos instrumentos esculpidos no Pórtico, o *organistrum* foi o que máis nos impresionou, tanto polo seu tamaño como pola asombrosa ornamentación que posúe, se a todo isto engadimos a necesidade de dous anciáns para o seu manexo, queda un conxunto verdadeiramente espectacular.

É un instrumento de corda fretada por unha roda untada con resina. Aparece nos pórticos españois e europeos polo século XII. Como novidade aparece unha roda que substitúe o arco ou o plectro, esta roda faise xirar coa axuda dun manubrio situado no extremo inferior do instrumento. Ten un longo mastro provisto de teclas. Como xa se comentou o seu gran tamaño crea a necesidade de dúas persoas para tocalo. Esta circunstancia propiciou a súa desaparición e paulatina substitución pola zanfona.

A súa orixe é incerta, pero crese que foron os peregrinos os que o trouxeron a Galicia. En Ourense hai unha soa representación deste instrumento. Está sostido polos anciáns 11 e 12 que están situados na parte superior do Pórtico, lixeiramente desprazados á esquerda.

a) Características descritivas:

A caixa acústica:

Ten forma “en oito”, cos dous círculos de diferente tamaño. O que está en contacto co manubrio ten o diámetro máis pequeno con forma lixeiramente ovalada. Os bordos extremos están un pouco aplanados, facendo que o longo sexa maior co ancho. As tapas están profusamente decoradas, con motivos vexetais no centro. A o seu redor hai unha serie de triángulos en relevo situados de tal forma que os vértices vanse alternando en extremos opostos. Por último, rodeando toda a beira dos círculos, hai unha orla de puntos, tamén en relevo.

Os laterais presentan unha talla totalmente diferente: están percorridos por unha especie de trenza semellante a que aparece no mastro.

O mastro:

Non é unha peza maciza como ocorría nos outros instrumentos, senón que máis ben semella unha caixa con tapa. Os laterais non presentan decoración algunha ó contrario que a tapa que ten o mesmo motivo floral que aparece nos aros da caixa harmónica. Polos dous lados do mastro sobresaen os extremos das teclas. En total son sete as que se observan claramente na escultura, tamén se pode apreciar claramente que o ancián está tirando das teclas polo lado máis perto a el en actitude de tocalo instrumento.

O cordame:

Presenta unha talla diferente ó resto do *organistrum* en forma de “X”, e ao contrario do que acontecía coas violas non se observa ningunha corda que o una á caixa no extremo final.


b) Construción

Está construído en madeira de nogueira. Para facelo empregouse a técnica do serrado, é dicir, os laterais da caixa foron cortados coa forma do instrumento. Posteriormente pegáronse o fondo e a tapa.

Aínda que na escultura obsérvanse catro cordas, construíronse dúas reproducións, unha con catro cordas e outra con tres. Comprobamos que había maior uniformidade sonora no *organistrum* que tiña 3 cordas, debido a que ao quedar situadas máis centradas na parte superior da roda, rozaban coa mesma intensidade.



HARPAS



Son instrumentos de corda pulsada. En Ourense atopamos dúas harpas de pequeno tamaño e forma triangular tipicamente medievais. Este é un dos instrumentos máis antigos que se coñece. Temos constancia de que isto é así polas representacións que aparecen nas cámaras funerarias de Exipto, nos baixorrelevos de Babilonia e en representacións atopadas na Andalucía árabe. En moitos países africanos aínda seguen empregando este instrumento.

Como xa dixemos anteriormente, nas harpas de Ourense non se observa caixa harmónica e as cordas van desde o caravilleiro ó mastro ou columna. Pensamos que esta anomalía débese a unha deficiente reprodución por parte do escultor pois evidentemente sen caixa o instrumento non soaría. As dúas harpas son case iguais, están decoradas no extremo do caravilleiro cabezas de animais diferentes. Non teñen o mesmo número de cordas. Polo seu pequeno tamaño, estas harpas están sostidas nos xeonllos dos anciáns que semellan estar tocando.

a) Características descritivas:

- Teñen 11 ou 12 cordas:
- 11 cordas no ancián 21.
 - 12 cordas no ancián 17.

Caravilleiro:

É a parte superior do instrumento onde van inseridas as caravillas. É unha peza bastante grosa e curva. Un dos seus extremos remata cunha cabeza de animal. Na súa boca vai introducindo un dos extremos do mastro.

Mastro:

É unha peza recta situada entre un extremo do caravilleiro e outro da caixa harmónica facendo de ponte de unión entre ámbolos dous extremos.

Caixa harmónica:

É o terceiro elemento do instrumento de onde saen as cordas cara ó caravilleiro.




PROPOSTA PEDAGÓXICA

b) Construción

Está construída en madeira de cerdeira. As tapas da caixa foron feitas en madeira de piñeiro-abeto. Para a construción do mastro e caravilleiro em-

pregouse un só anaco de madeira maciza. A caixa ten os laterais feitos dunha única peza á que se lle quitou á parte interior coa finalidade de que quedase oca. Por arriba e por abaixo leva pegadas as tapas.



Son instrumentos de corda pulsada con plectro. En Ourense só hai unha representación deste instrumento. A súa forma circular (diferente ós que aparecen na Catedral de Santiago), o caravilleiro inclinado cara a atrás e a tapa de madeira (isto sabémolo pola presenza de buratos sonoros), fainos pensar que procede do sur, por ter semellantes características os laúdes introducidos en Europa polos árabes.

a) Características descritivas

O laúde ourensán ten catro cordas. Visto de fronte ten forma circular que corresponde precisamente coa tapa da caixa. O fondo, que sería como a metade dunha esfera, é continuo co mastro e caravilleiro. A tapa da caixa está lixeiramente curvada. Nela pódese observar un total de dez buratos sonoros moi visibles repartidos a ámbolos lados das cordas que están situadas xusto no centro da mesma.

O mastro

Igual que ocorría coas violas, o mastro aparece representado na pedra con maior grosor do que debería ter en relación coa caixa harmónica. Está unido á caixa en ángulo e queda a distinto nivel co plano da tapa.


O caravilleiro:

Está lixeiramente inclinado para atrás. Ten unha forma moi diferente á que encontramos nas violas. Na parte superior van inseridas catro caravillas de forma cúbica.

b) Construción

Este instrumento está construído en madeira de nogueira. A partir dun único tronco de madeira fíxose a caixa, o mastro e o caravilleiro. A parte que corresponde á caixa baleirouse para que quedase oca e por arriba pegouse a tapa.





Raigame

